ORIENTACIÓNS PARA POTENCIAR A COMUNICACIÓN DO ALUMNADO:

- ✓ **Anticipación**: **anticiparlles os cambios de espazos e de profesorado**, así como cando van a acudir ao baño cunha coidadora. Exemplo: "Ahora vas con S (sinalamos a cara de S) y vas al aula de fisioterapia" (sinalamos a aula de fisio).

- ✓ **Guía verbal:** falar cos nenos de forma clara e sinxela e boa expresión facial e corporal. Utilizando apoios visuais ou xestos nos casos precisos.

- ✓ **Potenciar a intención comunicativa**: o primeiro paso para que un neno se comunique é que teña intención comunicativa, para isto temos que pórlles as cousas menos fáciles do habitual. Por exemplo, colocaremos un xoguete que sempre queren fóra do seu alcance (no alto dun armario) pero a vista do neno, e non llo daremos ata que o neno nos faga algunha sinal ou nolo pida. Como en todos os casos primeiro ofrecémoslle a axuda necesaria para facer a petición e despois a iremos retirando. Por exemplo, se temos un alumno que está tolo polas serpes, solo lla daremos cando toque/colla/coloque a foto/picto corresponde (ou nolo pida oralmente). Todo dependerá das posibilidades de cada neno. Tamén podemos gardar algo nunha caixa que non se poida abrir (mellor transparente) e que o neno nos teña que pedir axuda para abrila e coller o que hai dentro.



- ✓ **Taboleiro de petición de necesidades básicas**: Os nenos sen fala teñen máis dificultades para ser comprendidos de maneira adecuada. É importante ter ao seu alcance un taboleiro (de mesa ou parede) para que poidan pedir ou expresar necesidades básicas. Farán uso del se precisan pedir algo que queren e cun traballo constante pola nosa parte. Por exemplo, para merendar, se lles damos a comida sen pedila non terán a necesidade de facelo. Debemos esperar a que nola pidan. Ao principio darémoslles toda a axuda necesaria para facelo (levámolos onde teñamos a fotografía ou pictograma da merenda e o colleremos con el. Pouco a pouco a axuda se irá retirando.



Elaborado por: Diana Bericochea https://educacion-espacial.blogspot.com/ . **Autor pictogramas:** Sergio Palao **Procedencia:** ARASAAC (http://arasaac.org) **Licencia:** CC (BY-NC-SA) **Propiedad:** Gobierno de Aragon

- ✓ **Asociación abstracción-realidade**: Para potenciar e traballar o uso das imaxes en diferentes contextos recomendase ter **imaxes reais** ou pictogramas **que poidan tocar ou coller** dun taboleiro (cartolina plastificada e con velcros) como paso previo a actividade. Incluso poderíase traballar a **elección tendo dúas imaxes** de dúas cousas ou actividades que nos interese que faga o neno, e segundo a imaxe que o neno escolla faremos unha ou outra. Exemplo: Temos a foto da pelota e do xoguete sonoro, se o neno toca ou colle a pelota será o que usaremos con el. Outro exemplo sería ter nun taboleiro catro imaxes correspondentes a catro cancións que lles gusten aos nenos cos que traballemos. Poñeremos a canción que escollan eles previamente. Aínda que ao principio fagan a elección sen ser conscientes co tempo aprenderán que están elixindo.

- ✓ **Adaptarnos a lingua vehicular de cada nen@,** falándolle en galego ou castelán segundo falen normalmente na súa casa.

- ✓ **Secuencia de tarefas visual**: É moi útil para manter a motivación do alumnado durante a sesión ter na mesa ou na parede unha tira de velcro onde pegar as imaxes das tarefas que van realizar os nenos, sendo a última imaxe un reforzador que lles encante.

  Por exemplo en clase de fisioterapia: aquí temos unha secuencia de tarefas posta na parede. Unha boa idea é ir marcando as tarefas acabadas. Se temos a secuencia na mesa poderíamos ir colocando cruces, na parede podemos ir movendo unha pinza.



- ✓ **Xeneralizar un SAAC**: Debemos coñecer aos nosos alumnos.
  Se temos algún alumno que está usando un SAAC, como un caderno de comunicación con pictogramas, debemos usalo con el na nosa sesión, se soamente usa o SAAC en clase de audición e linguaxe non terá ningún beneficio a largo prazo para o neno.

Audición e Linguaxe

Elaborado por: Diana Bericochea https://educacion-espacial.blogspot.com/ . **Autor pictogramas:** Sergio Palao **Procedencia:** ARASAAC (http://arasaac.org) **Licencia:** CC (BY-NC-SA) **Propiedad:** Gobierno de Aragon